


Nº IV • ANO 2003

# o cabeso

ASOCIACION DE AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO



# CALENDARIO DE ACTIVIDADES 2003

## MARZO:

-Día 5 Enterro da Sardiña

## ABRIL:

-Días 11, 12 13 Stand Festa da Raia

## XUÑO:

-Día 23 Cachada de San Xoan  
-Días 27, 28 III Travesía Amigos da Dorna

## XULLO:

-Días 3, 4, 5 e 6 Participación VI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia

## AGOSTO:

-Día do Can Festas de San Roque 2003

## NOVEMBRO:

-Do 13 ó 19 Exposición "Semana Negra"  
-Día 25 procesión de Santa Catalina

## DECEMBRO:

-Día 28 Asamblea Xeral

¿Debemos deixar esquecer as tradicións e os asentamentos sobor dos cales medrou a nosa cultura, sostense o presente e edificaremo-lo noso futuro?.

Hai máis dun lustro, cá ilusión de recuperar, coñecer e promover a cultura marinheira que xurde cós primeiros asentamentos ribeireños, nace Amigos da Dorna. Centrando os seus esforzos iniciais na construción dunha embarcación propia (a JATINHA -dorna xeiteira-), non tardou en acometer outro tipo de empresas, da mesma maneira relacionadas có navegar, colgando nas paredes da sala de exposicións pinturas e fotografías cedidas por artistas locais comprometidos co mar e as súas ribeiras. O mesmo tempo escomezou o camiñar do CABESO, publicación dende a que quixeramos achegar ó maior número de lectores os proxectos e contidos nos que estamos a traballar.

Cumpridos os obxetivos previos, dispuxemonos dar un

paso adiante involucrandonos na tentativa de fomentar festas de arraigo entre todos nos.

O éxito de asistencia e a participación dun nutrido grupo de asociacións, veu refrendar os esforzos daqueles có longo de seis semanas estiveron, a diario, tra-la cimentación do "ENTERRO da SARDINHA". A queima final, na compañía de "deliciosas viandas" e mellores vinhos, resultou francamente innovadora, cunha gala chea de guinhos de complicidade que non poucos souberon apreciar. Só un pero, poderíase engadir ó exposto, pois a fuxida masiva, culpemo-la xelada noite do Marzal, desluciu en parte a velada.

Xa en Xunho, Amigos da Dorna, ten decidido quentar a noite de San Xoan. Hai tempo apagada polo asfalto das rúas e as prohibicións de queimar nos areas, esta noite máxica perdeu boa parte dos seus resplandores, desaparecendo caseque por completo as inolvidables



reunións ó redor do lume de rapaces e adultos cantando ou contando ou reindo e comendo, bebendo, asando, ... veciños compartindo. Temos tan presentes aquelas emocións que non chegamos a comprender como o silencio fíxose señor, nunha noite na cás palabras soaban tan ben.

Houbo festas e diversión. Seguiremos a traballar por disfrutar dos sorrisos dos novos e as verdades de quenes xa non o son, sen embargo, na nosa existencia, tamen soupemos sufrir cando nun outonal serán, alá por por Novembro, incrédulos, descubrimos o deambular dun fantasmagórico barco cargado de morte e desolación a non moitas millas de nos. Tras dúas xornadas percorrendo as zonzs do norte afectados pola viscosa e negra sombra da tráxica morte, unha vez mais, Amigos da Dorna tomaba a iniciativa:

¿Qué podemos facer? ¿Cales son as nosas posibilidades?! ¿Ata onde podemos axudar?!

A decisión primeira foi ben clara: Loitar. Unha loita perdida de antemán, unha loita que xamais poderíamos gañar. Vágoas desoladas caendo entre os papéis en branco sen ideas que propoñer, e no noso corazón un buraco de moitos metros, o longo da ferraxe do monocasco prestixioso que perdeu todolo seu prestixio e o prestixio de toda unha nación. A nosa vida, cultura, tradicións...

Xa pasaron uns meses e subiron e baixaron infinitude de mareas no momento en que escribo estas palabras. Xa atopamos solucións e fundiron ilusións.

Xa pasou o que xamais esquecemos quenes dende a nosa agrupación xuntámonos cunha soa convicción: Sair adiante. Sonhar. Imaxinarnos que poderemos que poderemos alcanzar os ideais dos que

nunca deixaremos de querer ó mar.

Aquí estamos, tra-la traxedia, buscándonos e buscándonos, porque de ningunha maneira poderíamos deixarnos levar.

Xa coñecemos o fondo do pozo, saíamos e transmitímolles os nosos coñecementos.

¿Cómo facelo?.

Nunha tarde oscura e chuviosa de Decembro, lendo o listado de embarcacións pendentes do desguace, publicada pola Consellería de Pesca da Xunta de Galicia, atopámonos co nome PLATUXA con base en Portonovo. Foron un par de meses de intenso papeleo na procura, que dende a Xunta aceptaran a nosa proposta coa connivencia do propio armador. Cando xa a serra parecía que ía gañar a batalla, a insistencia dou os seus froitos.

A Consellería de Pesca concedíanos a titularidade desta lancha a motor de 28 anos de idade. Ata eiquí vento de popa, pero ó chegar á bocana do porto levantouse temporal do Norte. Nestes momentos o proxecto está estancado na procura do folio definitivo ou no seu defecto un provisional. Dende capitanía non obtemos mais resposta có silencio, postura ista que nos está a resultar incomprendible tendo en conta cún organismo oficial relacionado directamente có mar, presuponselle o apoio a calquer iniciativa que fomenta a cultura marinheira. Esperamos cóos funcionarios responsables de resolver iste caso actúen có rigor propio dos seus cargos e rematen cunha espera que en nada nos axuda.


Bó é o dito: "... tempo hai para millorar"

Un Saúdo.



PROXECTO

# Platuxa



UN BARCO QUE  
VERDADEIRAMENTE SE PODE  
NAVEGAR, A SÚA DESTRUCCION  
OU FICAR DENTRO DUN MUSEO  
DEBE SER O FIN ULTIMO.  
( IVONE MISCANIANE )

Ata os anos oitenta Portonovo foi a típica vila mariñeira que vivía case que exclusivamenete da pesca de baixura, chegando a ser o seu porto un dos mais importantes das Rías Baixas.

A partir deses anos, o desenvolvemento do turismo transformou a súa fisonomía e carácter mariñeiro para converterse nunha vila que hoxe en día vive en grande medida da afluencia de turistas no vran. Estes cambios socioeconómicos implicaron ventaxas, pero tamen algúns inconvenientes, como foi a perda ós poucos dunhas formas de traballo ó redor dos que existían uns xeitos de vida e de aspectos culturais tan importantes para un pobo.

Estamos a falar da perda de tipoloxías de barcos presentes de toda a vida no porto de Portonovo, de artes de pesca, de tradición oral, dos loureiros e festas mariñeiras, en fin de todo o que facía que Portonovo tivera a súa propia identidade.

○ PROXECTO ○

PLATUXA nace desa necesidade urxente de recuperar e divulgar aspectos da nosa cultura e patrimonio marítimo: salva-lo típico barco de pesca para convertilo nunha pequena aula do mar flotante, colaborando con colexios e institutos, asociacións culturais e concellos.

O Platuxa tiña as horas contadas; ía ser destruído mediante a maldita motoserra,

como así o dí unha lei tan absurda que nin os que a fixeron saben por qué se fixo así. Hai centos de barcos espallados polas rías galegas esperando a súa motoserra; e supoñemos que entre os plans europeos de redución de frota pesqueira e mailo Prestige, o futuro parece máis negro que o mesmo chapapote.

O proceso de salvamento é burocrático e complicado;



temos que agradecerlle o armador do Platuxa a súa doazón á nosa asociación, primeiro paso imprescindible para iniciar os papeleos. Agora mesmo estamos a espera de que a Dirección Xeral da Marina Mercante dea un novo folio ó Platuxa, pois o barco non se pode adicvar a outra cousa que non sexan actividades culturais.

¿E porqué queremos salvarlo Platuxa? Pois porque tódolos barcos son contidos de información histórica, e logo son patrimonio da humanidade; porque a millor forma de preservar é sempre a divulgación.

Parte do máis complicado esta feito; pero queda moito. Para que O PROXECTO PLATUXA sexa unha realidade precisamos da axuda de todo o mundo, do Concello, da Cofradía de Pescadores de Portonovo e de todo o pobo; por que senon seguiremo-lo camiño que está a converter Portonovo nun barrio de Sanxenxo, sen identidade propia, co mesmo caos urbanístico ca capital do Concello. Eso sí, cun bonito paseo marítimo e oasis de palmeritas como Benidorm.

O proxecto Platuxa artéllase como unha aula do mar, atracando nos diferentes

peiraos das rías galegas para que os colexios e institutos da zona participen nas súas actividades. O eixo central é unha carpa que se instalará no porte onde atraque o Platuxa. Os contidos desta carpa son paneis explicativos sobre o patrimonio marítimo galego, maquetas das diferentes tipoloxías de embarcacións, unha exposición sobre vellas artes de pesca e a posibilidade de conferencias, mesas redondas e charlas divulgativas.

A carón desta carpa principal, haberá un obradoiro náutico para coñecer o uso dunha carta marina, rumbos, realización de nós,... e un obradoiro de xogos populares da costa ( pateiro, a chave, a rá,... )

O Platuxa desenvolverá as

súas actividades en dous eidos:

Encontros de embarcacións tradicionais


Dende Maio ata Outubro e desde Ribadeo a Viana do Castelo, celébranse máis de trinta concentracións xuntanzas, travesías, onde ademais de navegar organizanse nos peiraos multitude de actos culturais paralelos.

Exposición itinerante polos portos das rías galegas

A primeira fase do proxecto Platuxa serían os 11 portos da Ría de Pontevedra (Portonovo, Sanxenxo, Raxó, Combarro, Campelo, Pontevedra, Marín, O Seixo, Bueu, Beluso e Aldán ) para despois seguir polas restantes rías. En colaboración cos Concellos, Cofradías e centros de ensino.

#### FICHA TÉCNICA

NOME	Platuxa	MANGA	3,50 m
CLASE	Lancha a motor	PUNTAL	1,25 m
LISTA	3°	MOTOR	Diesel Barreiros
FOLIO	1889	FORZA	160 CV
ANO	1975	TRB	8,95 Tm
LUGAR	O Freixo-Outes	GT	7,88 Tm
CASCO	Madeira	PORTO BASE	Portonovo
ESLORA	11,40 m		



# morte maoi chorada



Este maio do 2003, ao ser velatorio a Sanchina de Portonovo non lle faltou coritiva. Percorreu as ruas da vila moit' ben engalanada co nome de velatorio, sabendo que na pra'zencia esperaballe o seu "doente" companheiro, O Prestige.

É verdade que foi persoa moit' querida en vida, no seu Portonovo natal. Deste xeito tivo un gran acompañamento de veciños, familiares e amigos. Non se recorda procesión tan sentida no pobo, a fiar ser que foi por teren todas as ruas levantadas en obras.

A caçada tivo lugar detrás

da loxa no cemiterio de Cuchipanda, do que foi organizado polos amigos do partido comunista. O Dorna, tamen, foi un momento a ningunha lleve, como un anaco que meteron no balde, e de xente que se despediren a Sanchina, moitos xente de boa memoria, e tamén amenizada pola cadela, os famosos "I Prémios e Prémios" das horas da madrugada.

Todo o que aconteceu, se non foi celebrado Entebro de Portonovo a 10 de maio, de moita xente nova, e moitos dos Amigos do Partido

Comunista, velatorio de Sanchina, tivo lugar no cemiterio de Cuchipanda, do que foi organizado polos amigos do partido comunista. O Dorna, tamen, foi un momento a ningunha lleve, como un anaco que meteron no balde, e de xente que se despediren a Sanchina, moitos xente de boa memoria, e tamén amenizada pola cadela, os famosos "I Prémios e Prémios" das horas da madrugada.

## MOLAS CRACIAS


As "cracorias" sonheis, e a Sanchina, tivo un velatorio de Sanchina, tivo lugar no cemiterio de Cuchipanda, do que foi organizado polos amigos do partido comunista. O Dorna, tamen, foi un momento a ningunha lleve, como un anaco que meteron no balde, e de xente que se despediren a Sanchina, moitos xente de boa memoria, e tamén amenizada pola cadela, os famosos "I Prémios e Prémios" das horas da madrugada.

# LANHELAS

Os días 31 de Maio e 1 de Xuño combocaronse en Lanhelas, pequena vila na ribeira lusa do río Miño entre Valensa e Camiña, ás asociacións e persoeiros preocupados pola cultura fluvial e mariñeira no entorno deste río (extendendose ó Atlántico Norte ibérico) para celebralo "CAROCHO, Encontro de Embarcacións Tradicionais, Lanhelas 2003". Portonovo estivo alí representado pola Jatiña dos Amigos da Dorna.

O carócho, embarcación anfitrión, adicada ó cabotaxe e á pesca fluvial (salmón, lamprea, troita, ...), é un bote afeito a traballar no Miño, o río obrigouno a ser de fondo chan, sen calado para arrimarse ás ribeiras e salvaros bancos de areas, e sen quilla onde batan as correntes do río e das mareas que afectan unha larga zona do Baixo Miño. Ademais da pesca, practicou as artes do estraperlo nos periodos de dictaduras; así o casco é de cor negra ó trátalo con sebos de peixe para protexela madeira, e a súa vela mística tinguíase con cascara de salgueiro co que collía tons castaños e vermellos, para camuflala barca na ramaxe das ribeiras. A súa construción é a tingladillo (as táboas do casco montan unhas por riba das outras), técnica de tradición atlántica norte que conservamos nos carochos portugueses, nas barcas do Miño da ribeira galega, e nas típicas dornas das rías. Esta herdanza compartida amosanos a realidade dunha base cultural naval común ó Norte de Portugal e ás Rías Baixas.

Bucetas, traineiras e gamelas representaron á ribeira galega; embarcacións do Texo, do Porto, de Esposende, de Viana do Castelo, ... pola ribeira portuguesa coas mellores galas ateigaron o río de velas



latinas e místicas. A gamela é a segunda tipoloxía común ás dúas ribeiras do Miño; "maseiras", é o nome portugués desta barca polo seu parecido cas artesas ou salgadoiros tradicionais. A gamela coruxeira, de proa mais apuntada, espallouse por todo o Miño; mentras que as do tipo guardés, proa e popa iguais, topámolas en Vila Praia de Ancora ou en Viana do Castelo.

Dámola enhora boa á Junta de Freguesia de Lanhelas, a Corema e ós Barcos do Norte pola súa organización moi coidada de detalles, ningún dos participantes esqueceremos

como, na noite do sábado, trocouse toda a iluminación eléctrica da ribeira do río por pequenas cachadas e centos de cirios que permitían velo ceo nocturno e os seus astros, i encheron de beleza e maxia a noite.

"Este encontro de embarcacións tradicionais pretende ser o elo de ligación entre os pobos da Ribeira Minho e o seu pasado. Preenchendo o vazio deixado polo gradual desaparecemento das embarcacións tradicionais de traballo e pesca, este evento quer valorizar un patrimonio colectivo das dúas margens do Minho: o Carócho, o río e o ambiente."



Despois de catorce anos, voltamos á guerra aberta con Inglaterra,. Corre o ano de 1797, e ata o 1801, os particulares podemos solicita-la Real Patente de Corso para loitar contra o comercio marítimo do enemigo e contra o abastecemento das súas tropas. Presentarase instancia de solicitude ó Comandante Militar Marítimo na provincia de cada un, e depositarase unha fianza para indemnizar ás presas que resulten ilexítimas ou mal feitas.

Acreditase así o dereito de visita das embarcacións de calquer país sospeitosas de levar bandeira ou mercancías do enemigo, ou daquelas que non teñan os papéis ó día. A boa presa levarase ó porto mais á man, e despois de abonar os gastos do armamento e do armador, repartiranse os dous quintos do botín para a oficialía e os tres quintos restantes para a tripulación.

Con todo, a loita polo predominio marítimo rematará cando o capitán Nelson arruine a nosa escuadra francoespañola en Trafalgar no ano de 1805. Neste tempo, na Ría de Pontevedra, destacaron na laboura corsaria os fillos da ilustre familia dos Gago de Mendoza; Juan Antonio, José Bernardo, Manuel e Antonio Benito.


Portonovo valeulles, por moitas veces, de refuxio ó seren acosados por bergantís, e outras naos, da armada enemiga dende a Garda ou Baiona. No ano de 1799 concedeuselle a medalla ó mérito como corsario a Juan Antonio

Gago de Mendoza, insigne fillo da nosa Ría. O

Arquivo da Mariña testem uña


ARQUIVO da MARINA:

2 de Agosto do 1798:” ... La Peregrina Brillante entra en Portonovo perseguido de una fragata, una balandra y un bergantín de guerra inglés que ya antes había estado bloqueándole en A Guarda, y José Bernardo determinó carenar su embarcación. El día cuatro los ingleses desembarcaron a una legua de Portonovo principiando a matar ganados, acudiendo enseguida al lugar toda la tripulación armada de la goleta junto con la gente reunida por el sargento mayor de las milicias





urbanas de la villa de Portonovo ...  
 “Relátanos este sarxento o terror e consternación dos veciños.” ... sacando estos sus muebles tierra adentro, y aún el párroco de ésta estaba pronto a transferir el santísimo a la otra iglesia, en vista de lo cual y desconocido riesgo que estaba este pueblo, solicité al mencionado capitán Don José Bernardo Gago las dos culebrinas de a cuatro y dos obuses de a tres para que mientras permaneciese en este puerto colocaras en el campo de Santa Catalina, a donde en tiempo pasado había una batería de cañones, sitio ventajoso que domina la entrada de este puerto y villa, como también la inmediata de Sanjenjo. Allí se mantuvo la artillería de la goleta hasta el veinticuatro en que el enemigo se hizo a la mar y José Bernardo salió de Portonovo ... “ 25 de agosto de 1798.” ... La Peregrina Brillante es rodeada por tres buques de guerra ingleses en la boca de la Ría de Arosa, dos por la parte de afuera de la mar y uno por dentro, por lo que parecía irremediable convertirse en prisionero por no tener recurso por donde escapar, hallándose en la situación de que por la parte de le mar se hallaba la fragata y el bergantín por la de la ría, que era a donde se podía refugiar, el lugre. Y he observado ... “ O que nos relata é o sarxento maior das milicias de Portonovo, despóis de subiren nun outeiro por mor da tronada dos cañonazos.” ... que los del buque de afuera le iban dando caza y la goleta refugiándose hacia la ría, y así que llegó a aproximarse a dicho lugre, éste le rompió el fuego. La goleta, como se veía atacada por todas partes, insistió en el intento de entrar en dicha ría de Arosa, poniendo la proa al lugre, haciéndole fuego con las dos culebrillas que llevaba de proa, y al aproximarse el uno al otro, como fuesen cayendo más hacia dentro de la ría, las perdí de vista, i m a g i n a n d o q u e irremediabilmente sería prisionero o echado a pique atento a que el lugre era de fuerza superior, pero aquella misma noche los vigías de los fachos me dieron parte de que la goleta había entrado en el Grove. Lo que







ocurrió entre el lugre inglés y la goleta de Pontevedra nos lo cuenta el escribano contador de la goleta Ramón de Castillo, quien nos asegura haber sido aquella una de las más famosas hazañas pues el capitán dio la orden de poner proa a dicho lugre de dieciseis cañones haciendo fuego violento ... y habiéndose aproximado hasta tiro de pistola cogió dicho capitán del corsario un esmeril del calibre veinticuatro adarmes, cargado con dieciocho balas de a onza, el cual estaba puesto en un barraganete, lo quitó de él y, aproximándolo al hombro, hizo fuego a los enemigos, causando un gran daño en ellos pues se vieron caer varios, en socorro de los cuales vinieron muchos compañeros para levantarlos, en vista de lo cual el dicho capitán del corsario cogió otro esmeril del mismo calibre y carga haciendo la misma hazaña de dispararlo al hombro, con tan buen éxito que empleó el tiro en medio de aquel pelotón de gente, los cuales se desordenaron e inmediatamente dio la voz de que todo el mundo se levantase e hiciese fuego con la fusilería, mandando echar once frascos de

fuego y catorce granadas, lo que se ejecutó, poniendo a toda la gente del lugre en desorden, de modo que no quedó hombre sobre la cubierta sino muertos y heridos ... “ 21 de Xan Xoan do 1799:” ... hallándose fondeado en Portonovo, tras haber arribado a aquel puerto por venir acosado desde A Guarda por una balandra inglesa de catorce cañones, Juan Antonio vio un corsario francés que venía tomando puerto mientras era acosado por otro inglés, por lo que puso su artillería en tierra firme, en el embocadero de la entrada de dicho puerto, y su tripulación armada con la fusilería. Como la balandra se pusiese en forma de batalla, haciendo fuego contra dicho puerto, con el que arruinó algunas casas, tuvo que colocar el mismo cañón en el campo nombrado Santa Catalina, en el que anteriormente hubo varios cañones de artillería para su defensa según en el día aún subsiste uno inservible, y desde el sitio en que se puso pudo apartarlos de la inmediación a fuerza de cañonazos, que han sido veinticinco ... ”.

# A TIRA CÓMICA

## O' mouchiño



# Centro Astronómico Nacional

Levanse rexistrando dende o ano 1993, e con intervalos de dous anos, un eclipse total na navegación a vela. A saber, causado polos aparellos tradicionais da vela latina, a cuadra, a de relinga mailas suas fillas mestizas coa latina (que son moitas: a de martelo, a de á de pardela, a mística, a de pico, a de ghaiteiro ...), e a ledicia da vela cangrexra, a máis nova da familia.



## VI Encontro na Illa de Arousa

Esto aconteceu nos días 3,4,5 e 6 de Xullo na Illa da Arousa.

Despois das cachadas de San Xoan preparándonos para o evento, o Domingo 28 de Xuño na III Travesía de Portonovo, embarcacións de Poio, Aguete, Combarro, Raxó, Bueu, Aldán e Portonovo xuntáronse para atravesalos Carreiros de San Vicente e faver carena no Grove ,para, ós catro días, arrivar na Illa o Xoves día 3 de Xullo. O mal tempo impideunolo. Mais ,dous días despois pudemos partir con vento do suroeste cara a Ría da Arousa.

Alí topámonos coa tradición

galega dende Ribadeo ó Río Miño. Como combidada de honra acudeu a veciña Portugal cunha caravela, un lugre, goletas, hiates, lanchas e catraias. Naos de Cantabria e do País Vasco, de Francia e de Irlanda, e unha representación mediterránea de vela latina. Para seguiren todas estas embarcacións estaban dispostos todo-os outeiros da Ría de Arousa. Na ponte, no Bao e no porto do Cabodeiro da Illa de Arousa poidemos ver regatas a vela e competicións de remo. E nos portos do Xufre e do Cantiño disfrutamos da Feira do Mar, da exposición conmemorativa dos 10 anos de vida da F.G.C.M

# FOLLA DE INSCRIPCIÓN

NOME

DATA NACEMENTO

D. N. I.:

DOMICILIACIÓN BANCARIA

TELÉFONOS

RÚA

Nº

LOCALIDADE

Cod. Postal

LOCALIDADE

ENDEREZO ELECTRÓNICO

OBSERVACIÓNS

SINATURA:

TÍTULOS DE NAVEGACIÓN



co patrocinio de:

caixanova  
PORTONOVO



COLABORADORES:

Fotografía: Antonio Nodar, Alfredo, Coqui, Carlos

Cómic: Diego

Textos: Trepa, Jávucho, Chof

AMIGOS DA DORNA DE  
PORTONOVO

Rua Ramón Valenzuela, nº 6, 36970  
Portonovo

Teléfonos: 986 72 37 02

686 98 20 62